

CURSOS DE ESQUIMOTAXE DA AGKM

Saber esquimotar é unha competencia fundamental na práctica do kaiak de mar, e a que mellor coincide coa filosofía da AGKM: a navegación responsable e en autonomía; de aí o interese en difundir e facilitar a aprendizaxe e perfeccionamento desta técnica entre os membros da Asociación, mediante a convocatoria continuada de cursos de aprendizaxe e perfeccionamento, en grupos de oito persoas, asistidas por dous monitores, e que se realizarán na mar, na zona de Cangas do Morrazo.

Para realizar o curso de **esquimotaxe I (aprendizaxe)** unicamente se precisa ser maior de 16 anos e ter realizado algún curso previo de iniciación ao kaiak de mar.

Á súa vez, o curso de **esquimotaxe II (perfeccionamento)**, precisa do dominio de polo menos un estilo de esquimotaxe, pois a súa finalidade é a de ensinar outras técnicas distintas ás xa coñecidas polo alumno.

As inscricións nos cursos efectuaranse on-line, mediante o formulario existente no apartado "inscricións" da páxina, de tal maneira que cada vez que se complete un grupo de oito persoas, se fixarán as datas e horas de impartición, comunicándollo/llelo aos interesados para que formalicen a matrícula, ingresando na conta da asociación (2080-0155-12-0000043174) o seu importe, fixado en 36 euros. O resto das persoas anotadas quedará en espera ata que, alcanzado un novo grupo de oito persoas, se fixe nova data para a impartición do seguinte curso.